



## INTRODUCCIÓN

Esta sección está abierta a contar consejos, trucos, vivencias, experiencias, en fin, todo aquello que pueda ayudar a quien comienza en esta disciplina o para quien esté dispuesto a aprender algo más de las experiencias entomológicas de campo ajenas. Con la única limitación de que sea desde un punto de vista gallego, es decir, Entomología hecha en Galicia, el Desierto Verde. No tiene sentido contar en esta sección las técnicas de captura de carábidos en los brezos de Garajonay ni las mejores épocas de observación de lepidópteros en el desierto de Tabernas. Entre otras cosas porque el primero es verde pero no desierto, y el segundo desierto, pero no verde (al menos la mayor parte del año). Para quien quiera contar esas experiencias, y muchas otras, hay sitio de sobra en nuestra revista, y está abierta de par en par, pero en otras secciones. A todos os esperamos con los brazos abiertos.

## LIMIAR

Galicia, o deserto verde. Xa non lembro, nin tan sequera lembro se cheguei a saber, quen foi o autor desta definición de Galicia, cargada de ironía e cun chisco de sarcasmo. Seguramente un entomólogo de fora, porque os de aquí xa estamos afeitos. O que si sei é que os meus anos de experiencia entomolóxica deron conta comprida do certoiro dela. Non é que Galicia sexa unha rexión xeográfica entomolóxicamente pobre, nin moito menos. Pero sí que neste recuncho da nosa Pel de Touro as capturas, fora dun abano de especies comúns bastante constante según grupo taxonómico e ambiente, hai que traballalas ben. Os resultados dunha tarde de intensa mostraxe no interior lucense (engaiolado polos arrecendos e sons da Natureza entre feiticeiras devesas, e demáis contos tecidos arredor do mito da verde Galicia) poden ser moi decepcionantes. E esta sensación chega a estar a cabalo entre a frustración e a perplexidade cando saes de Galicia e descubres que noutros lugares menos paradisíacos, polo menos en teoría (ou con menos conto), os resultados co mesmo esforzo son a miúdo ben distintos. Chegando aquí teño que dicir que esta é unha visión entomolóxica centrada nas familias máis coñecidas de coleópteros, e derivada da propia experiencia do autor ou saída das conversas con outros colegas que a comparten polo menos de xeito parcial. Seica para outros grupos como dípteros, ácaros ou pseudoescorpións, por dicir algúns, Galicia sexa Borneo, e os colegas que os traballan teñan unha visión moi diferente.

Teño que recoñecer que a pesar dos anos que levo pateando campo, non teño unha explicación desto. Ben certo é que o mito da Galicia como verde paraíso natural só se sostén como estereotipo na propaganda turística. Galicia é un complexo mosaico onde unha grande parte do territorio está ocupada por bosques de especies alóctonas, núcleos de poboación, cultivos e prados para o gando. Moitos bosques de ribeira conservan só unha estreita franxa de bosque autóctono. E sen falar das pragas endémicas de incendios, a destrución urbanística do litoral e a contaminación das augas e o chan derivada das actividades industriais e agrícolas. Un terreo hostil para a entomofauna. Pero tamén é certo que Galicia segue sendo a terra dos mil ríos, ca súa vexetación mermada pero aínda considerable no seu conxunto, e que segue quedando unha masa de bosque e vexetación autóctona fragmentada pero non desprezable, que completan a parte amable do mosaico.

Esta sección está aberta a quen queira contar consellos, trucos, vivencias, experiencias, en fin, todo aquilo que poida axudar a quen comeza nesta disciplina ou para quen, coma min, está sempre disposto a aprender algo máis que lle poda axudar a facer máis levadeira a travesía entomolóxica deste noso querido e difícil deserto verde.

Javier Pérez Valcárcel  
Editor